

**Directorio de empresas e unidades locais
Ano 2006**

COMUNICADO

**A PRINCIPIOS DO ANO 2006 HABÍA EN GALICIA 203.321
EMPRESAS ACTIVAS**

As 203.321 empresas activas en Galicia a principios do 2006 supoñen un incremento do 7,1% respecto ás rexistradas no ano 2004. Os grupos máis dinámicos en termos relativos foron as grandes empresas (19,5%), as sociedades (6,3%), as empresas inmobiliarias e de servizos empresariais (17,2%) e as que tiñan á súa sede social fóra de Galicia (24,2%).

Empresas activas por sector económico e titularidade xurídica

Unidade: nº de empresas

	Persoas físicas	Sociedades	Outros	Total
Industria	6.792	9.044	970	16.806
Construción	15.435	11.236	2.173	28.844
Comercio	36.748	19.130	3.424	59.302
Hostalería	16.636	3.890	2.128	22.654
Transporte	10.521	3.179	174	13.874
Intermediación financeira	2.258	968	194	3.420
Servizos inmobiliarios e empresariais	20.074	13.392	2.440	35.906
Educación	2.002	883	529	3.414
Sanidade e servizos sociais	5.080	1.120	732	6.932
Outras actividades	7.290	2.739	2.140	12.169
Total	122.836	65.581	14.904	203.321

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais

As empresas de servizos representan o 77,5% do total

O reparto sectorial amosa unha elevada concentración de empresas no sector servizos. Destacan os comerciais co 29,2% do total de empresas, os servizos empresariais (17,7%), e a hostalería (11,1%).

O 56,7% das empresas rexistradas non tiñan asalariados

Na poboación empresarial predominan as microempresas (menos de 10 asalariados), que representan case o 95% do total, e dentro delas as empresas sen asalariados. Cada empresa emprega por termo medio 3 asalariados. Por riba deste promedio están as sociedades (7 asalariados por empresa), as industrias (9 asalariados por empresa), e as empresas con sede fóra de Galicia (21 asalariados por empresa). O 81% das empresas sen asalariados pertence ao sector servizos. Na industria están o 26,4% das que teñen 10 ou máis asalariados.

Empresas por provincia e tamaño

Unidade: nº de empresas

	Microempresa	Pequena empresa	Mediana empresa	Gran empresa	Total
A Coruña	79.003	3.537	487	50	83.077
Lugo	23.659	901	79	3	24.642
Ourense	22517	835	95	11	23.458
Pontevedra	63548	3450	390	38	67426
Fóra de Galicia	3738	660	244	76	4718
Total	192.465	9.383	1.295	178	203.321

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais

As provincias da Coruña e Pontevedra concentran o 74% das empresas

A Coruña é a provincia onde se concentran o maior número de empresas (40,9%), seguida de Pontevedra (33,2%), Lugo (12,1%) e Ourense (11,5%). Ademais, as dúas provincias empregan ao 67,8% dos asalariados. As empresas con sede social fóra de Galicia representan o 2,3% das activas e concentran o 15,9% dos asalariados.

As comarcas das sete grandes cidades concentran o 58,1% de empresas e o 58,3% de asalariados. O recuento por concello tamén coloca aos das sete cidades nas primeiras posicións (xuntos suman o 41,3% de empresas e o 41,8% de asalariados). Nos postos seguintes están os concellos de Carballo, Oleiros, Vilagarcía de Arousa, Arteixo, Narón e Culleredo.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>